

Ocioleiros

Faixas de actividades!!!

BASES XERAIS de Ocioleiros 2020

Unha vez rematado o prazo de pagamento, no caso de quedar prazas vacantes comunicarase ás seguintes persoas da lista de agarda e iranse ocupando segundo a orde das listaxes por actividade. O proceso para formalizar a praza será o mesmo, entregando o comprobante na conserxería.

Unha vez rematado este proceso, se quedasen prazas nalgunha das actividades, serían de libre inscrición, segundo o estipulado nas bases.

- **10.** A organización do Concello de Oleiros formará unha comisión supervisora onde se analizarán todas as cuestións ou incidencias que afecten ao normal desenvolvemento das actividades e que o/a responsable de cada sede considere oportuno tratar.
- **11.** Esta comisión resérvase o dereito de tomar as medidas que considere oportunas para manter o bo funcionamento do programa.
- **12.** Ocioleiros comezará o día 3 de febreiro e rematará logo de ter cumpridas as sesións que correspondan a cada actividade.

Os días 24 e 25 de febreiro (Entroido), o 19 de marzo (festivo autonómico), do 6 ao 13 de abril (Semana Santa), o 1 de maio (Festa do Traballo) non haberá actividade.

- **13.** A interpretación das presentes bases deberá facerse atendendo ao principio de boa fe.
- **14.** O Concello non se fai responsable da cesión de datos voluntarios que fan as persoas participantes aos monitores e monitoras das actividades.

Recordamos que as persoas participantes nas actividades deberán comunicar as faltas de asistencia ao monitor ou monitora responsable.

No caso de darse de baixa deberán comunicalo no correo electrónico afabrica@oleiros.org ou chamando ao teléfono 981 636 598.

INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS NA FÁBRICA E NA WEB MUNICIPAL:

www.oleiros.org | Tels. 981 610 000 - 981 636 598

Ocioleiros

Faixas de actividades!!!

Actividades con fins lúdicos

- Técnicas de relaxación e crecemento persoal
 - Yoga
 - Obradoiro de tratamento da imaxe dixital
 - Fotografía
 - Bailes de salón e latinos (varios niveis)
 - Encadernación decorada
 - Pintura
 - Obradoiro de cartón pedra e papel maché
- Obradoiro de cata de viños galegos
 - Cocteleiría
 - Obradoiro canino
 - Horta ecolóxica
 - Xardinería
 - Cociña saudable
 - Obradoiro de xardinería de interior decorativa
 - Conversas en inglés (varios niveis)
 - Conversas en francés (varios niveis)
- Obradoiro de oratoria (A arte de falar en público)
 - Bolos
 - Escalada deportiva
 - Defensa persoal
 - Patinaxe
 - Bádminton
 - Marcha nórdica
 - Kaiak 12
 - Surf 12

1. A finalidade deste programa é fundamentalmente lúdica, polo que todos os esforzos das persoas participantes deberán dirixirse á diversión e ao entretemento.
2. Todas as persoas participantes teñen que **estar empadroadas no Concello de Oleiros**. Se non cumpren todos os requisitos, **non poderán** tomar parte no programa.
3. Poderán participar en **Ocioleiros** as persoas maiores de 14 anos, tendo en conta que hai actividades por grupos de idades.
4. Pregamos ler ben as bases e solicitar información ás persoas responsables da actividade que vos interese, no caso de que sexa a primeira vez que participades ou se tedes dúbidas sobre esta.
5. É necesario cubrir a folla de preinscrición con todos os datos. Na actividade de bailes de salón e latinos, as parellas deberán inscribirse individualmente e indicar en ambas fichas o nome da parella de baile. (Mandar un correo a afabrica@oleiros.org)
6. Só poderán pre-inscribirse en dúas actividades distintas como máximo.
7. As preinscricións realizaranse preferentemente na **SEDE ELECTRÓNICA (na sección de trámites en liña de cidadáns e empresas) do 11 ao 20 de decembro**. No caso de que a algunha persoa non lle sexa posible realizala así, poderá facelo na conserxería da Fábrica **en horario de mañá (de 8.30 a 14.30 horas)**.
8. As listaxes de todas as persoas preinscricións colgaranse o día **26 de decembro**. No caso de presentar algún erro, poderase corrixir os días **27 e 30 de decembro**.
9. **PROCESO DE INSCRIPCIÓN :**

As prazas adxudicaranse por sorteo que se celebrará o día **7 de xaneiro ás 12.00 horas na Fábrica**.

As listaxes de admitidos/as e listaxes de agarda estarán expostas o día **10 de xaneiro**.

Unha vez verificada a praza será necesario realizar o pagamento da actividade. A partir do 15 de xaneiro concretaranse os días nos que se poderá efectuar o pagamento.

Unha vez feito o pagamento, **habera que entregar o comprobante de pago** na conserxería da Fábrica para facer efectiva a admisión.

HORARIO PARA RETIRAR A FOLLA DE PAGAMENTO: De luns a venres nos días que se indiquen previamente:

- Mañás: de 10.00 a 14.00 horas
- Tardes: de 17.00 a 20.00 horas